

A Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística esixe a dimisión do Secretario Xeral de Política Lingüística

A Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL), ante os evidentes pasos atrás que está dando a lingua galega, e moi especialmente no ensino, pídlle ao actual Secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García Gómez, que dimita do seu cargo. A nula promoción efectiva da lingua galega na sociedade deixa á vista a súa incompetencia á hora de desenvolver a misión que se lle esixe á entidade que el representa.

A CGENDL apreciou un intento evidente por parte da SXPL de adormecer o clima de conflito en torno ao idioma, mais non se albiscou ningunha mudanza esencial nas políticas de fondo, sobre todo no referido ao ámbito do ensino. Destaca a falta de resposta ás demandas dos Equipos de Normalización e Dinamización da Lingua Galega que a CGENDL lle trasladou ao SXPL desde que foi nomeado. Entre outras, as demandas normalizadoras presentadas polas persoas que traballan nos ENDL foron as seguintes ao longo de todo este tempo:

- Diálogo e negociación con todos os actores sociais para chegar a consensos amplos que permitan traballar nos obxectivos fixados na Lei de Normalización Lingüística.
- Relativo ao Decreto 79/2010
 - Derrogación porque non garante que o alumnado teña formación na lingua propia de Galicia. De non ser así, esiximos:
 - Unha análise das competencias orais en galego do alumnado.
 - Medidas para frear a desgaleguización maioritaria e acelerada no ensino, en todos os niveis educativos.
 - A mudanza da enquisa lingüística para Infantil (foi anulada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia).
 - Medidas urxentes para sacar o galego da exclusión e marxinación á que está sometido nos centros plurilingües.
 - A aposta por un plurilingüismo inclusivo.
- Elaboración dun decreto de promoción do idioma galego para asegurar que o alumnado rematase os seus estudos con plena competencia en ambas linguas oficiais.
- Implantación de liñas de galego en Educación Infantil que posibiliten un ensino na nosa lingua nos primeiros anos de escolarización, sobre todo en ámbitos urbanos, onde quedou reducido á marxinalidade.
- Implantación progresiva dos Programas Integrados de Linguas, única maneira real para que o alumnado aprenda a lingua propia e desde ela adquira outras linguas.
- Fomento desde a administración da elaboración de recursos didácticos, actualizados e de calidade para impartir aulas en galego.

- Dotación ao Programa Abalar de materiais en galego.
- Apoio decidido aos medios de comunicación en galego.
- Creación de contidos atractivos na TVG para a infancia e a adolescencia.
- Promoción dun discurso en positivo cara ao galego
- Promoción dun impulso real das actividades normalizadoras dos Equipos.
- Mellora na regulación de horas de dedicación para os membros dos Equipos.
- Formación específica para o persoal que traballa nos Equipos para equiparalos a outros departamento didácticos que si contan con elas.
- Xestións coa TVG para que os centros dispoñamos de acceso a programas e filmes da televisión pública no noso idioma para empregar nas aulas.
- Mudanza na orde de subvención para que se adecúe ao ano natural e asignación dun orzamento adecuado para unha planificación seria do traballo.
- Activación das coordinacións provinciais.
- Avaliación real das competencias en galego do alumnado non universitario.

A pesar da boa acollida destas propostas, o Secretario Xeral non lle deu ningunha solución. Desta maneira, cuestións tan preocupantes como as que o Decreto 79/2010 introduciu nos centros de ensino non universitario (eliminación do galego na educación infantil, eliminación do galego como lingua vehicular en case todos os centros plurilingües...) empeoraron a xa complicada situación da nosa lingua. E ademais non está a cumprir o único mandato positivo que recolle o devandito texto: a avaliación das competencias do alumnado, feito que mostraría que a maioría dos e das escolares de zonas urbanas e periurbanas están lonxe de acadar o mesmo nivel en lingua galega ca o que teñen en lingua castelán.

En todo este período a SXPL non organizou ningunha acción efectiva para **prestixiar o galego** no conxunto da sociedade, paso básico para que se poida impulsar a súa normalización nos diferentes ámbitos, especialmente no ensino. A falta de concienciación das familias, o nulo investimento en programas que busquen a normalización real do galego, a escasa preparación do profesorado para afrontar unha realidade plurilingüe desde o respecto e preocupación pola lingua propia... son algunhas mostras da inacción que caracteriza a xestión do SXPL no ámbito educativo á que se lle suman lexislacións lesivas para o noso idioma e un discurso nefasto cara á lingua asentado nos órganos de poder.

Cando se cumpren dez anos da aprobación unánime no Parlamento Galego do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG), o actual Secretario Xeral de Política Lingüística non foi capaz de retomar nin o máis mínimo punto en común do consenso acadado hai unha década e mantense en postulados de inacción, figuración, incompetencia na xestión e complicidade coas propostas máis regresivas cara á lingua galega. Por todo isto, desde a CGENDL consideramos que, se aínda lle queda un mínimo de dignidade, debe presentar a demisión.